

## **BASES PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS (12H). MODALIDADE *ON LINE*.**

**COMEZO: MÉRCORES 30 DE MARZO DE 2022**

### **1.- Persoas destinatarias.**

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas que se atopen empadroadas no Concello de Porto do Son.

### **2.- Solicitudes e prazo de presentación.**

As solicitudes de participación nesta acción formativa deben enviarse ao enderezo electrónico: [jose.pazo@portodoson.gal](mailto:jose.pazo@portodoson.gal)

O prazo de presentación de solicitudes comezará o martes 15 de marzo de 2022 e rematará o luns 21 de marzo de 2022. Non se terá por admitida ningunha solicitude enviada antes ou despois de dito prazo.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

### **3.- Documentación.**

A solicitude de admisión deberá enviarse debidamente cuberta ao enderezo electrónico indicado no punto 2. Na solicitude deberá indicarse unicamente unha das ocupacións sinaladas. Non se terá por admitida ningunha solicitude que non veña debidamente cuberta.

A comprobación do empadroamento no Concello de Porto do Son será feita de oficio polo Servizo de Orientación Laboral. O envío da solicitude implica a autorización para esta comprobación.

### **4.- Selección de participantes.**

A selección de participantes farase polo sistema de sorteo, segundo o establecido nas bases xerais de participación nas accións promovidas polo Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son, aprobadas polo Decreto de Alcaldía Nº 163, do 27 de febreiro de 2018.

### **6.- Número de prazas.**

Esta acción formativa conta cun total de 20 prazas.

### **7.- Datas e Lugar de celebración do curso.**

O curso, a celebrar integramente na modalidade *On Line*, comezará o mércores 30 de marzo de 2022. Para poder seguir o curso con normalidade, as persoas participantes deben dispoñer dun equipamento electrónico (ordenador, tablet,..) con conexión a Internet.

As persoas participantes disporán dun prazo máximo de 10 días para realizar todos os contidos e actividades propostas.

### **8.- Contidos do curso.**

- Os alimentos; seguridade e hixiene alimentaria.
- Obrigacións e prohibicións na manipulación de alimentos.
- Alteración e contaminación de alimentos.
- Enfermidades transmitidas por alimentos.
- Conservación de alimentos.
- Boas prácticas de hixiene e fabricación.
- Etc.

### **9.- Condicións de superación do curso.**

A obtención do carné de manipulador/a de alimentos require a participación activa no mesmo (12h) e a superación das actividades propostas. As persoas participantes disporán dun prazo máximo de 10 días para realizar todos os contidos e actividades propostas.

Porto do Son, 14 de marzo de 2022.